

## MENIÑO DE MÁIS LUZ

Meniño de máis luz feita morneza,  
milagre que alumou a noite escura,  
que ese berce onda nós faga que queza

o mundo baixo a túa fermosura;  
e que ese pranto teu, que ese sorriso  
no que antigas feridas topan cura

sexa a porta do día, que é preciso  
espertar cara ó norte doutra xeira,  
doutra estrela de soños onde iso

de andar tras dunha luz chege á túa beira,  
a ese portal, meniño, que buscamos  
bébedos de non ser na noite enteira,

tronzados polas tebras onde andamos  
sen sorrisos que veñan da túa rente,  
dese berce de luz que procuramos

pra ser de ti e estar sereamente  
na pel dalgún pastor que alí chegara.  
Daquela somos barro ben presente

feito figura que representara  
iso de ser o que aínda chaman pobo,  
é dicir, vida na que se afondara

a luz do día feita desafogo  
no que volver ó berce mesmo, ó punto  
que nos levou a ti para que logo

todo voltase a ser e todo xunto  
nos falase de ti coma daquela,  
cando fomos pastores neste asunto,

onde vimos a luz e foi por vela  
que sentimos cumprida a túa promesa  
ó cabo da esperanza e máis da estrela.

Meniño de máis luz e sempre acesa,  
o mundo deixa aquí as retesías,  
polo Belén mainiño e por esa

estrela á que seguir que nos envías,  
que polo ceo escintila e fende  
a noite das humanas teimosías,

o aire que se achega e que se acende  
de inmensa cativez ventando a vida,  
o minúsculo pranto no que prende

a inmensidade mesma presentida  
onde fundir milagre e máis memoria  
cando se pecha a tebra e a ferida.

Aquí calquer frousada é accesoria,  
meniño de máis luz no berce breve.  
Aquí se non principia toda a historia,

escomenza este tempo que se atreve  
a principiar o mundo nesta aldea,  
esa mesma que chea de falsa neve

dá nome a tanto mofo que recrea  
aquele Belén nun día luminoso  
no que dicir, mentras o berce estea:  
Meniño de máis luz: sé sempre noso.